

PLANTILLA ALUMNO/A

I. VALORES DE EQUIPO.



Que valores son os que mellor representan ao voso grupo-clase?

Que compromisos adquiristes como grupo para frear situacións de soidade non desexada no voso centro escolar?

Se tivésedes que ter un himno ou unha canción, cal sería?

Pensade nas imaxes, símbolos e cores que mellor representan estes valores. Serán os que adornen o voso escudo!

Deseñade o voso escudo coas cores e símbolos que mellor vos definan como grupo-clase e como equipo. **A continuación, un exemplo:**


ESCUDO QUE REPRESENTA OS VALORES DESTE EQUIPO E A ACTIVIDADE

Escudo de natureza e xadrez.

Ademais de elementos de natureza que demostran a paixón polo aire libre da aula e elementos de pezas de xadrez, pode haber algún elemento que decore o escudo que denote paixón pola natureza, polo carácter reflexivo e pacífico que teñen como equipo.

Descrición de actividade que una ao equipo.


Xadrez na natureza. A aula propón visitar un dos parques de ao redor e organizar nas mesas de merendero un club de xadrez con distintos niveis de difvicultad e taboleiros con fichas adaptadas para persoas con discapacidade. Comunicarase a todo o centro para que se sumen todos os que queiran.



2. DETECTAMOS PUNTOS QUENTES DE SOIDADE NON DESEXADA NO CENTRO ESCOLAR.

En que zonas comúns do voso colexio adoita haber nenos e nenas que sofren soidade non desexada?

En que momentos da xornada escolar é máis probábel que se dean situacións de soidade non desexada?



3. CHUVIA DE IDEAS DE ACTIVIDADES PARA REALIZAR NO CENTRO ESCOLAR.

Seleccionade aquelas actividades que máis vos gustan e que mellor vos representen como grupo-clase.

Reflexionade sobre como facelas máis accesíbeis e inclusivas para garantir a participación de todos e todas.

Seleccionade as actividades que credes que máis poidan atraer a outras clases e cursos do centro escolar.

4. PROPOSTA FINAL DE ACTIVIDADE ACCESÍBEL E INCLUSIVA PARA TODOS E TODAS.

Definide a actividade que mellor represente os vosos valores de equipo, que sexa a que máis se poida adaptar para que todas as persoas poidan participar no centro escolar, teñan ou non discapacidade (máximo 2000 caracteres)

